



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNION

Dirección -Rep. Sindical (12/11/10)

Nesta reunión tratáronse os temas seguintes:

Externalización de traballo na Nave Q.-

Inda non está constituído o novo Comité de Empresa emanado das Eleccións Sindicais, e a Dirección xa empeza a quitar da neveira medidas, de impacto social, das que a C.I.G. xa anticipaba nas distintas Asembleas feitas durante o proceso electoral. Neste caso os postos de traballo que veñen realizando os compañeiros/as na Nave Q, dende o día 22 de Novembro, serán ocupados por unha empresa Auxiliar (Gefco).

Estamos a falar de traballos que se van seguir desempeñando dentro das instalacións e que ademais teñen unha vinculación directa co proceso produtivo, de aí a nosa pregunta, *¿Cómo pode ser que dende a Dirección se nos estea esixindo maior compromiso coa calidade na elaboración do produto, namentres por outro lado, co fin de precarizar o emprego, deixase en mans alleas a manipulación das pezas que logo temos que montar?*

Estas medidas teñen tamén consecuencias negativas que afectan ó persoal limitado, ó restrinxir, aínda máis, a posibilidade de poder dispor de postos para a súa adaptación. *Un Centro de traballo como o noso, analizando a actividade do día a día (ritmos, movementos repetitivos, posturas, ...etc) ten que contar cun mapa de postos os que poder adaptar en función das patoloxías ou enfermidades profesionais que aparezan co paso do tempo.*

Para a C.I.G. non cabe outra resposta que o total desacordo a esta medida. Non esquezamos que todo traballo que se externaliza, non retorna, exemplos xa os temos.

Producións Decembro.-

Namentres no Sistema I se habilitan 3 sábados de velada (04, 11 e 18) e un domingo (12), os compañeiros/as do Sistema II teñen que facer fronte a 4 días de non actividade (29, 30 de Novembro e 01 e 22 de Decembro),ven sexa mediante formación ou Bolsa de Horas.

A C.I.G., xa ven manifestando, a súa preocupación polo tratamento que se ía ter cos traballadores/as do Sistema II que xa fixeran a formación e estiveran preto de chegar ós -30 días na Bolsa de Horas. Por parte da Dirección se nos confirma que son 50 as persoas que se atopan nesta situación, as cales está previsto informar e facilitar formación para recolocalas no Sistema I.

Dende a C.I.G. esperamos que, antes de proceder a calquera cambio, se teñan en conta a valoración do Servizo Médico e do Departamento de Prevención, sobre todo co persoal limitado.

Confederación Intersindical Galega